



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA TRECE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Expte: 2021/G007/000018

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día dezaioito de marzo de dous mil vinte e un, ten lugar reunión en primeira convocatoria de Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, e dona Jessica Sabín Fernández. Non asiste por causa xustificadas don Alejandro Antonio García Sousa.

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN: 22.04.21

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, aprobou a acta da sesión citada.

2.- RECTIFICACIÓN DE ACORDO POR OMISIÓN PADECIDA EN EXPTE. DE OBRAS 187/2019

Visto o punto de Fora da orde do día “Expedientes da área de urbanismo, apartado D” incluída na sesión de Xunta de Goberno Local de 16.07.2020 .- Expte. de obras 187/2019, no que aparece unha omisión respecto á proposta de Alcaldía no punto terceiro, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acordou a rectificación do acordo salvando a omisión padecida.

Así, onde di: “**Terceiro.- APROBAR** a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 48,08 €. ICIO.-3.504,78 €” deberá engadirse “ que o presuposto de contrata da obra urbanizadora que deberá garantir o solicitante , ascende a dous mil oitocentos cincuenta e tres euros con cincuenta e sete céntimos 2.853,57 €”; quedando nos mesmos termos o resto do acordo.

PARTE DE ACTIVIDADE

3º.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PARA A SEGURIDADE DO COVID-19.-

Asistentes:

Alberto González Fernández - Presidente

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Jessica Sabín Fernández

Sinala o sr. Alcalde que tras o remate do estado de alarma estase á espera das normas que se ditén dende agora en diante e para ter en conta cara actividades e eventos para a época de verán.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo rogos e preguntas

Sen ningún outro asunto a tratar, sendo as nove horas e cincuenta e cinco minutos a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente, e coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

Documento asinado dixitalmente á marxe pola Secretaria Municipal e polo Alcalde